

Definición do termo **BRIGADAS INTERNACIONAIS** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil defendendo a República. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos, unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado). - Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. - Houbo brigadistas de máis de 50 países, pero destaca a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. Redacción: correcta
	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) - Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo.

Sobresaliente (0,45-0,5)	- Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid, en novembro de 1936. - Abandonaron o país trala derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938) polas presións do Comité de Non Intervención. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
------------------------------------	---

Definición do termo **Fronte Popular** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Coalición política de esquerdas que gaña as eleccións de 1936. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Trátase dunha coalición de partidos de esquerda, sindicatos e nacionalistas. -Gañaron as eleccións pero o seu goberno foi moi breve, dado que en xullo tivo lugar un golpe de Estado que daría orixe á Guerra Civil. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -A coalición formouse para concorrer ás eleccións de febreiro de 1936. -Aspiraban a impulsar as reformas emprendidas no Bienio Reformista. -O seu programa avogaba pola amnistía aos represariados da revolución de 1934. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión

	recomendada.
--	--------------

Definición do termo **Lexión Cóndor** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Aviación enviada pola Alemaña nazi en axuda dos sublevados (bando franquista) durante a guerra civil. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Constituíu unha ferramenta fundamental para a vitoria franquista. -Hitler empregou a guerra civil española como banco de probas para a próxima guerra mundial. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Esta axuda supuña saltarse os acordos do Comité de Non Intervención. -Esta axuda pagaríase con minerais e outros produtos unha vez rematara a guerra. -É responsable do bombardeo de Guernica, no País Vasco. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Sanjurjada** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Golpe de estado contra o primeiro goberno da II República dirixido polo militar José Sanjurjo Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Os motivos do golpe foron a “depuración” militar e a deriva autonomista do goberno republicano-socialista -O golpe fracasou (pola pouca preparación e pola efectividade dos servizos de información do exército republicano) Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Tivo lugar en Sevilla en agosto de 1932 -Sanjurjo foi condenado a pena de morte e posteriormente amnistiado Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Definición do termo **Bienio Negro (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -etapa da II República (1931-1936), chamada tamén Radical-Cedista. -protagonizada por un goberno de dereitas que desmantelou as reformas do anterior bienio de esquerdas.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -datado entre novembro de 1933 e febreiro de 1936. -foi unha etapa encabezada por un goberno de dereitas presidido polo Partido Radical e co apoio da CEDA. -subvencionou o culto católico. -paralizou a reforma agraria e devolveu as terras ós antigos propietarios. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -o Partido Radical estaba encabezado por Lerroux e a CEDA por Gil Robles. -o goberno exerceu unha dura represión na revolución que se organizou en Asturias e Cataluña en 1934. Redacción: correcta e ben exposta.

Definición do termo **Pacto de San Sebastián** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
---------------------------------------	---

Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordo verbal levado a cabo por diversas personalidades e partidos contrarios á monarquía de Afonso XIII para establecer a República en España. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Foi promovido por Alianza Republicana e participaron diversos partidos republicanos, nacionalistas e socialistas. -Acordouse a formación dun comité revolucionario que se debería converter no goberno provisional da futura república parlamentaria. -Permitiu a formación dunha coalición electoral para as eleccións municipais de 1931 Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Tivo lugar o 17 de agosto de 1930. -Sinalar algún dos compromisos asinados: garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións constituíntes ou abrir a posibilidade da autonomía política das rexións. -Nomear algún dos representantes políticos máis salientables que participaron nel (Azaña, Lerroux, Niceto Alcalá-Zamora, Marcelino Domingo, Macià...) -En outubro, sumáronse a este Pacto, en Madrid, as organizacións socialistas (PSOE e UXT). Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Definición do termo **FAI** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Federación Anarquista Ibérica, organización creada durante a ditadura de Primo de Rivera. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Creouse clandestinamente en 1927 e tratouse da corrente máis radical do anarquismo. -Pretendía establecer o anarquismo libertario a través da acción directa.

	-Outros métodos utilizados foron a folga xeral e a insurrección armada. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Durante a Segunda República tivo un gran número de afiliados. -Os seus enfrontamentos internos acabaron por debilitada, o que influíu na crise da República. -O seu líder máis destacado foi Durruti. -Trala guerra civil disolveuse. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: **O establecemento da II República (ata 5 puntos)**

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).
Deficiente (1,5-2)	Contidos: xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2).
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -referencia básica ó contexto do período (eleccións municipais de 1931 e abandono de Afonso XIII). -explicación do proceso que levou á convocatoria de eleccións constituintes (papel do goberno provisional). -o triunfo dos partidos de esquerdas. -características básicas da constitución de 1931. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.
Notable (3,5-4)	Contidos: -características do goberno provisional presidido por Niceto Alcalá-Zamora. -referencia ós principais partidos da época e á súa ideoloxía. -principais características da constitución de 1931. Uso dos documentos, a resposta analiza parte do contido dos documentos: argumentación de Afonso XIII, caracterización básica dos partidos que figuran na táboa 2, subliñado dos artigos que figuran no documento 3. Redacción: correcta.
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos: -precisión sobre algunha das medidas do goberno provisional: amnistía para os presos políticos, proclamación de liberdades políticas e sindicais. -profundización na ideoloxía dos principais partidos da época. -profundización nas características da Constitución de 1931.

	-valoración xeral do período analizado e breve referencia á situación posterior. Uso dos documentos: -a resposta ten en conta o medio de difusión do manifesto real (periódico monárquico <i>ABC</i>). -a resposta profundiza nas características dos partidos que figuran na táboa 2. -a resposta profundiza nos artigos da constitución que figuran no documento 3. Redacción: correcta e precisa, o texto está ben argumentado.
--	--

Composición histórica: **As grandes reformas da II República** (ata 5 puntos)

Muy deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, esponxe como a resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualización política e cronolóxica básica das reformas.. -Referencia xenérica ás motivacións do programa reformista -Reformas levadas a cabo, indicadas brevemente: a cuestión relixiosa, reforma agraria, militar, educativa.. -Referencia xenérica aos resultados obtidos (efectos limitados e oposición xerada polo programa reformista). Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha destas cuestión): -Na reforma agraria recollida nos documentos. -Noutras medidas concretas levadas a cabo en relación con algunhas das outras reformas reflectidas nos textos propostos: reforma da Igrexa, do

	exército e/ou da educación. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado): -A resposta analiza parte do contido dos documentos: o papel de Azaña no programa reformista (doc.1), os beneficios sociais da reforma agraria (doc.2), a preocupación por elevar o nivel educativo da poboación española (doc.3) Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestión): -Referir a evolución das reformas ao longo da República. -Facer fincapé nos apoios e rexeitamentos que tiveron estas reformas, as cales contribuíron a crear esas “dúas Españas” que acabarían enfrontándose na Guerra Civil. -Falar da “mala xestión” da reforma agraria (protestas, levantamentos...) por parte do Goberno Azaña que acabaría por custarlle o posto nas eleccións de 1933. -Facer referencia a outras reformas da República non recollidas nos documentos: reforma territorial e reforma laboral. Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable): -Doc.1: Salientar o interese reformista do Comité Revolucionario citado no documento e/ou ter en conta a autoría do texto ao relacionar a Santiago Carrillo co Partido Comunista, afin á obra republicana -Doc.2: A resposta ten en conta a orixe do texto: un informe previo á redacción da Lei de Bases da Reforma Agraria feito por un dos seus principais defensores, polo que ofrece unha visión excesivamente favorable da mesma, en contraste coa realidade. -Doc.3: Subliñar que a reforma educativa se puxo en marcha durante o goberno provisional, demostrando que era un asunto prioritario para os dirixentes políticos republicanos. Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado

GUERRA CIVIL. ABAU 2023:

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco. A resposta é unha paráfrase dos documentos. A resposta contén xeneralidades sobre a época.
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica. Redacción: básica e expresión demasiado simple.
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto. -Citar os principais factores que motivaron o levantamento militar de xullo de 1936. -Indicar os bandos en conflito e a configuración das “dúas Españas”. -Sinalar a xustificación do bando dos sublevados e dos leais á República. -Referirse á dimensión internacional que adquiriu a guerra civil. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto.
Notable (entre 3,5 e 4,4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións) -Comentar o proceso de sublevación e o papel xogado polo exército de África na mesma. -Explicar a reacción do goberno republicano fronte ao levantamento militar (indecisión inicial, cambio de goberno, reparto de armas ás milicias...) -Especificar as causas da creación do Acordo de Non Intervención e os apoios recibidos por cada bando. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións) -Faise fincapé na importancia da sublevación militar ou nos apoios políticos recibidos polos sublevados a partir do doc.1 -Coméntanse o ideario ou os obxectivos dos sublevados que figuran no doc. 2. -Utilízase o documento 3 para subliñar os negativos efectos que tivo para a República a política de Non Intervención. Redacción: correcta e texto coherente.
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións) -Incidir nos precedentes da sublevación (crise económica, violencia social, polarización política...) -Referenciar o papel xogado polos principais xefes militares implicados na sublevación (Mola, Sanjurjo, Franco) -Mencionar os diferentes gobernos da república durante a guerra e/ou citar algunhas das medidas que adoptaron os mesmos para facer fronte aos sublevados. -Afondar nas diferenzas ideolóxicas e os apoios políticos e sociais de cada bando.

	-Profundar nas diferenzas existentes entre as axudas recibidas polos sublevados e os republicanos. -Facer referencia ao contraste a nivel de organización política entre a España republicana e a España nacional (desorganización institucional e fragmentación política fronte a cohesión militar e política en torno á figura de Franco) Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos): -Utilízanse fragmentos do texto para comentar a existencia de rumores de golpe de estado, o antecedente do levantamento do xeneral Sanjurjo ou a indecisión do goberno republicano (doc.1) -Incídese na identificación do Exército como medio para a salvación de España e para a restauración da orde pública a través dunha férrea autoridade (doc. 2) -Úsase o contido do documento 3 para salientar o apoio recibido polos sublevados malia o acordo de Non Intervención//Tense en conta a ideoloxía do autor do doc.3 á hora de xustificar os efectos da “non intervención” no resultado da guerra. Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.
--	--